

Resolución do 25 de marzo, do tribunal de selección designado para xulgar o proceso para a cobertura dunha praza de titulado superior, xestor/a de proxecto en Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., pola que se fai pública a baremación provisional dos méritos alegados polos/as aspirantes.

En sesión que tivo lugar o 25 de marzo de 2019, o tribunal nomeado por resolución do 22 de marzo de 2019, para avaliar o proceso para a cobertura dunha praza de titulado superior, xestor/a de proxectos dentro do Departamento de Proxectos de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.,

ACORDOU:

Primeiro.- Facer pública, como anexo a esta resolución, a baremación provisional dos apartados 4.1. Servizos prestados e 4.2. Formación das bases da convocatoria, con indicación da puntuación total obtida polos /as distintos/as aspirantes, ordenada de maior a menor, así como a súa desagregación por epígrafes.

Segundo.- Tal e como figura no artigo 6.3. das bases, os/as aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación na páxina web de PTG, S.A. para presentar as alegacións que consideren oportunas.

As alegacións presentaranse no domicilio social de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. (Parque Tecnolóxico de Galicia – 32900 San Cibrao das Viñas) mediante entrega persoal ou envío por correo certificado, neste último caso deberá acreditarse a data de imposición do envío na oficina de Correos mediante remisión por fax (902 501 425) ou correo electrónico a gerencia@tecnopole.es antes de que remate o prazo establecido de 5 días hábiles.

Non se admitirán alegacións presentadas por outro medio distinto do expresado no parágrafo anterior.

San Cibrao das Viñas, 25 de marzo de 2019.

tecnópole
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

Asdo. M^a Luisa Pena Nieto
Secretaría do Tribunal

ANEXO

BAREMACIÓN PROVISIONAL DOS MÉRITOS

DENOMINACIÓN: xestor/a de proxectos

ANO DA CONVOCATORIA: 2019

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia do 1 de febreiro de 2019.

DATA DE PUBLICACIÓN DO LISTADO: 26/03/2019

Puntuación global:

APELIDOS	NOME	NIF	Servizos prestados (máx. 5)	Formación (máx. 5)	Total
FERNÁNDEZ NAVEIRA	IVANNA	47376319-E	5	3,8	8,8
TAIBO POSE	JAVIER	79328749-R	5	3,3	8,3
SAYA CODESAL	LUCIA	32821505-E	0	0,2	0,2

Puntuación desagregada por epígrafes:

APELIDOS	NOME	NIF	4.1 (1)	4.1 (2)	4.1 (3)	4.2 (1)	4.2 (2)
FERNÁNDEZ NAVEIRA	IVANNA	47376319-E	3	2	0	3	0,8
TAIBO POSE	JAVIER	79328749-R	3	2	0	3	0,3
SAYA CODESAL	LUCIA	32821505-E	0	0	0	0	0,2